

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

3808 Orde IET/562/2013, do 8 de abril, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos.

A regulación das inspeccións técnicas dos vehículos atópase no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, así como nos reais decretos 224/2008, do 15 de febreiro, e 2042/1994, do 14 de outubro, que regulan o funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) e as inspeccións técnicas dos vehículos, respectivamente.

As disposicións mencionadas incorporaron ao ordenamento xurídico español as normas do dereito comunitario europeo nesta materia, que máis adiante foron refundidas na Directiva 2009/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio de 2009, relativa á inspección técnica dos vehículos de motor e dos seus remolques.

Con posterioridade, a Directiva 2009/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio, foi modificada pola Directiva 2010/48/UE da Comisión, do 5 de xullo, co fin de reflectir o estado actual da tecnoloxía dos vehículos, mellorar a harmonización da inspección, introducir métodos de ensaio para cada un dos elementos obxecto de inspección e establecer as razóns principais que poden determinar a non conformidade de tales elementos, tal como xa se encontraba establecido para os sistemas de freada. Esta directiva foi trasposta parcialmente ao noso ordenamento xurídico por actualización dos anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, mediante a Orde ITC/3124/2010, do 26 de novembro.

Con independencia de todo o anterior, as modificacións contidas na Directiva 2009/40/CE, salvo o número 3, «Certificado de inspección técnica», do seu anexo II, na redacción dada a este pola Directiva 2010/48/UE, foron o obxecto da revisión 7.^a do Manual de procedemento de inspección das estacións ITV, onde se conteñen os criterios técnicos de inspección, de acordo co artigo 12 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos. Esta revisión 7.^a entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2012.

Quedou, daquela, pendente a introdución do certificado de inspección técnica, obxecto do número 3 do anexo II da Directiva 2009/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio, de acordo coa redacción dada pola Directiva 2010/48/UE da Comisión, do 5 de xullo.

O Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos, establece no seu anexo IV as características do informe de inspección técnica de vehículos e normas para a súa formalización. Este informe é o equivalente ao certificado de inspección técnica establecido pola Directiva 2010/48/UE da Comisión, do 5 de xullo, ao modificar a Directiva 2009/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio.

De acordo co artigo 2.1 da mencionada Directiva 2010/48/UE da Comisión, do 5 de xullo, os Estados membros deberían proceder á súa transposición, como máis tarde, o 31 de decembro de 2011, salvo as disposicións do indicado número 3 do anexo II, que se aplicarían a partir do 31 de decembro de 2013. Neste real decreto realízase a transposición dese número.

Para adecuar o informe de inspección do anexo IV do Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, só cómpre engadir o símbolo do país de matriculación no recadro de matrícula

actual e introducir un novo recadro para a lectura do contaquilómetros, ambos na epígrafe A do informe, así como indicar as normas para a súa formalización. Adicionalmente engadirase, na epígrafe B «Alcance e rastrexabilidade da inspección», do informe de inspección, a nova unidade de inspección: luces de circulación diúrnas, como consecuencia da obrigatoriedade destes dispositivos en vehículos de nova matriculación, así como algunha outra modificación proposta polo sector.

Cómpre, por tanto, modificar o anexo IV do Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, para concluír a incorporación das modificacións contidas na Directiva 2010/48/UE da Comisión, do 5 de xullo.

A disposición derradeira cuarta, número 2, do Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, habilita o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para modificar, mediante orde, o contido técnico dos anexos do citado real decreto coa finalidade de mantelos permanentemente adecuados ao estado da técnica e das normas e criterios europeos e internacionais na materia.

Esta disposición foi sometida a trámite de audiencia dos sectores afectados e de consultas ás comunidades autónomas.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo IV do Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos.*

Introdúcense, no anexo IV, «Características do informe de inspección técnica de vehículos e normas para a súa formalización», do Real decreto 224/2008, do 15 de febreiro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos, as modificacións que a seguir se indican:

Un. Na parte II do anexo «Normas para a formalización do informe de inspección técnica de vehículos», o penúltimo parágrafo da epígrafe A queda redactado da seguinte forma:

«Matrícula actual. Farase constar a matrícula que figure no permiso de circulación do vehículo, consignando os caracteres, números e letras, sen deixar espazo entre eles. Igualmente, farase constar o símbolo do país de matriculación.»

Dous. Na parte II do anexo «Normas para a formalización do informe de inspección técnica de vehículos», ao final da epígrafe A. «Identificación da estación ITV e do vehículo», engádese o seguinte:

«Lectura do contaquilómetros. Farase constar a lectura do contaquilómetros no momento da inspección, se se dispón dela.»

Tres. Substitúese o apéndice 1 do anexo IV polo que se insire a seguir:

APÉNDICE 1 AO ANEXO IV

A.- Identificación da estación ITV e do vehículo.

INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS		Nº	
ESTACIÓN LIÑAS		(RAZÓN SOCIAL E ENDEREZO DA ESTACIÓN ITV)	
TIPO DE INSPECCIÓN:		DATA INSPECCIÓN	DATA PRÓX. INSP.
CLASIF. VEHÍCULO	MARCA	TIPO	CONTRASINAL HOM
MATRÍCULA ACTUAL		NÚMERO DE BASTIDOR	LECTURA DO CONTAQUILÓMETROS

B.- Alcance e rastrexabilidade da inspección.

UNIDADE DE INSPECCIÓN	UNIDADE DE INSPECCIÓN	UNIDADE DE INSPECCIÓN		
1.- IDENTIFICACIÓN	4.- ILUM. E SINLIZAC. (CONT.)	6.- FREOS (CONT.)		
1.1 DOCUMENTACIÓN	4.5 LUCES DE FREADA	6.20 CILINDROS DO SIST. FREADA		
1.2 NÚMERO DE BASTIDOR	4.6 LUZ DE PLACA DE MATR. TRAS.	6.21 VÁLVULA SENSORA DE CARGA		
1.3 PLACAS DE MATRICULA	4.7 LUCES DE POSICIÓN	6.22 AXUSTAD. TENSIÓN AUTOMÁT.		
	4.8 LUCES ANTINEBOA			
	4.9 LUZ DELIMITADORA			
2.- ACOND. EXT. CARROZ., CHASIS	4.10 CATADIÓPTRICOS	7.- DIRECCIÓN		
2.1 ANTICHOQUES DIANTEIRO	4.11 ILUMINACIÓN INTERIOR	7.1 DESVIACIÓN DE RODAS		
2.2 CARROZARÍA E CHASIS	4.12 AVISADOR ACÚSTICO	7.2 VOLANTE E COLUMNA DIREC.		
2.3 DISPOSITIVOS DE CONEX.	4.13 LUZ DE ESTACIONAMENTO	7.3 CAIXA DE DIRECCIÓN		
2.4 GARDALAMAS E DISP. ANTIPROX.	4.14 SINLIZ. DE APERT. PORTAS	7.4 TEMONERÍA E ROTULAS		
2.5 LÍMPA E LAVAPARABRISAS	4.15 SINLIZ. LUMINOSA ESPECÍF.	7.5 SERVODIRECCIÓN		
2.6 PROTECCIÓN LATERAIS	4.16 LUCES DE CIRCULACIÓN DIÚRNA			
2.7 PROTECCIÓN TRASEIRA				
2.8 PORTAS E CHANZOS	5.- EMISIÓN CONTAMINANTES	8.- EIXES, RODAS, PNEUMÁT., SUSP.		
2.9 RETROVISORES	5.1 RUIDO	8.1 EIXES		
2.10 SINLIZ. NOS VEHÍCULOS	5.2 VEH. MOTOR DE ENC. CHISPA	8.2 RODAS		
2.11 SOPORTE EXT. RODA DE REC.	5.3 VEH. MOTOR DE ENC. POR COMPR.	8.3 PNEUMÁTICOS		
2.12 VIDROS DE SEGURANZA		8.4 SUSPENSIÓN		
2.13 ELEM. EXCL. VEHIC. M2 E M3				
	6.- FREOS			
	6.1 FREO DE SERVIZO	9.- MOTOR E TRANSMISIÓN		
	6.2 FREO DE SOCORRO	9.1 ESTADO XERAL DO MOTOR		
3.- ACONDIC. INTERIOR	6.3 FREO DE ESTACIONAMENTO	9.2 SISTEMA DE ALIMENTACIÓN		
3.1 ASENTOS E AS SUAS ANCORAXES	6.4 FREO DE INERCIA	9.3 SISTEMA DE ESCAPE		
3.2 CINTOS DE SEG. E ANCOR.	6.5 DISPOSITIVO ANTIBLOQUEO	9.4 TRANSMISIÓN		
3.3 DISP. DE RETENC. PARA NENOS	6.6 DISPOSITIVO DE DESACELER.	9.5 VEH. QUE UTIL. GAS COMO CARB.		
3.4 ANTIXEO E ANTIBAFO	6.7 PEDAL DO DISP. DE FREADA			
3.5 ANTIRROUBO E ALARMA	6.8 BOMBA BALEIRO OU COMP. E DEP.			
3.6 CAMPO DE VISIÓN DIRECTA	6.9 INDICADOR DE BAIXA PRESIÓN	10.- OUTROS		
3.7 DISP. DE RETENC. DA CARGA	6.10 VÁLV. REGUL. FREO DE MAN	10.1 TRANSP. MERCADORÍAS PERIG.		
3.8 INDICADOR DE VELOCIDADE	6.11 VÁLVULAS DE FREADA	10.2 TRANSP. MERCADORÍAS PEREC.		
3.9 SAÍNTEIS INTERIORES	6.12 ACUM. OU DEPÓSITO DE PRESIÓN	10.3 TRANSPORTE ESCOLAR		
3.10 ELEM. EXCL. DE VEH. M2 E M3	6.13 CONEX. FREOS DE REMOLQUE	10.4 TACOGRAFO		
	6.14 SERVVOFR. CILINDRO MANDO	10.5 LIMITACIÓN DE VELOCIDADE		
	6.15 TUBOS RÍXIDOS	10.6 REFORMAS NON AUTORIZADAS		
4.- ILUMINAC. E SINLIZAC.	6.16 TUBOS FLEXIBLES			
4.1 LUCES DE CRUZAMENTO E ESTRADA	6.17 FORROS			
4.2 LUZ DE MARCHA ATRAS	6.18 TAMBORES E DISCOS			
4.3 LUCES INDICAD. DE DIRECC.	6.19 CABLES, VARETAS, PANCAS			
4.4 SINLIZ. DE EMERXENCIA				
EQUIPAMENTOS DE MEDICIÓN				
EMISIÓN	FREADA	ALINACIÓN	VEL. ACT. LÍM. VEL.	RUIDOS
Identif.:	Identif.:	Identif.:	Identif.:	Identif.:
DINAMÓMETRO	BÁSCULA			
Identif.:	Identif.:			

C.- Medicións efectuadas durante a inspección.

EMISIÓN	Opacidade: m ⁻¹	CO ralenti: %	CO ralenti acel.: %	λ: %
FREADA	Freo de servizo	F _d : N	F _e : N	ALINACIÓN
	Freo de socorro	F _d : N	F _e : N	
	Freo de estacionamento	F _d : N	F _e : N	
LIMITACIÓN DE VELOCIDADE km/h				RUIDOS dB
DINAMÓMETRO	N		BÁSCULA	kg

D.- Relación de defectos encontrados na inspección.

UNIDADE	CUALIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO DEFECTO
2.7	Defecto grave	1. Dispositivo de protección traseira inexistente sendo obrigatorio.
4.3	Defecto grave	6. Cor non regulamentaria da luz emitida.
7.3	Defecto leve	5. Defectos de estado na caixa de dirección.

E.- Resultado da inspección (de conformidade co Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos).

FAVORABLE <input type="checkbox"/>	DESFAVORAB. <input type="checkbox"/>	OBSERVACIÓNS
FAV. C/DEF. LEVE <input type="checkbox"/>	INSP. NEGAT. <input type="checkbox"/>	
Nº E PR. ESTACIÓN SINATURA E SELO		

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao ordenamento xurídico español as disposicións do número 3 do anexo II da Directiva 2009/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio de 2009, relativa á inspección técnica dos vehículos de motor e dos seus remolques, modificada para a súa adaptación ao progreso técnico pola Directiva 2010/48/UE da Comisión, do 5 de xullo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 31 de decembro de 2013.

Madrid, 8 de abril de 2013.—O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.